

A Antártida.

Observa o seguinte mapa físico da Antártida e responde as cuestións



Imaxe vía Banco Imaxes INTEF (CC BY NC SA)

1.- ¿Obsérvase algún outro continente no mapa? ¿Que parte ou partes?

2.- Partindo de que a Antártida conta cuns 14.000.000 de km², calcula a relación aproximada do seu tamaño cos seguintes elementos:

- España (500000 km²):
- Groenlandia (2000000 km²):
- Exipto (1000000 km²):
- Rusia (17000000km²):

3.- Le o texto e responde as cuestións.

O 14 de decembro de 1911 acádase o Polo Sur, un dos últimos lugares da Terra en ser pisados polo ser humano. Os heroes daquela xesta foron os expedicionarios dirixidos polo noruegués Roald Amundsen, que conseguiron chegar ao seu obxectivo un mes antes que a expedición do británico Scott, na que foi unha das carreiras máis espectaculares, e tráxicas da historia.

Os factores que inclinaron a balanza do lado de Amundsen foron varios, pero podemos destacar dous: a elección do punto de partida da súa expedición, situado na plataforma de Ross, como tamén a de Scott pero uns 100 kilómetros máis preto do Polo Sur do que estaba a expedición británica; e o uso de cans, máis axeitados para o clima extremo da Antártida cá os cabalos que levou Scott.

a.- ¿Quen foi a primeira persoa en acadar o Polo Sur? ¿Por que se di que foi no marco dunha carreira? ¿Que factores favoreceron ao primeiro en chegar?

b.- Sitúa no mapa da Antártida o punto de partida da expedición

c.- Investiga en Internet por que se considera trágica esa carreira por acadar o Polo Sur.

★ Se queres saber máis sobre a Antártida, podes ler este [artigo de Sebastián Álvaro](#).